

MEMORIA FUNCIONAL XUSTIFICATIVA DA MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

A Consellería de Facenda, por resolución do 22 de xullo de 2016, publicou o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 21 de xullo de 2016 polo que se aproba a relación de postos de traballo da Consellería de Política Social (DOG núm. 145 do 2 de agosto de 2016).

A dita relación de postos de traballo foi modificada en diversas ocasión por:

- Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 28 de xullo de 2017, para adaptala á Orde da Consellería de Facenda do 10 de maio de 2017, pola que se modifica a Orde do 21 de novembro de 1989 pola que se fixan os criterios xerais para a elaboración das relacións de postos de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, se aproba o modelo e se ditan instrucións para o cubrir.
- Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 19 de xullo de 2018 polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Política Social, co obxecto de adaptar a relación de postos de traballo ás necesidades organizativas e funcionais existentes.
- Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 14 de febreiro de 2019 polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Política Social, co obxecto de adecuar a configuración dun posto ás funcións do propias do mesmo.

O modelo de organización de persoal que configura os distintos centros dependentes da Consellería de Política Social fai preciso que se adapte ás necesidades que o momento actual aconsella acometer, tendo en conta os criterios de eficacia, economía e austeridade que deben inspirar a actuación e organización administrativa.

Esta proposta de modificación da relación de postos de traballo pretende reforzar a prestación de servizos, principalmente nos centros dependentes da Consellería de Política Social. Este reforzo lévase a cabo creando novas prazas e convertido prazas a tempo parcial en prazas a xornada completa.

Nas unidades administrativas acométese unha modificación máis limitada, tendo en conta a necesidade de adaptarse a dotación orzamentaria existente. Por unha banda propónse a creación dun posto base subgrupo a1 na Xefatura Territorial de Lugo e por outra banda propónse a creación de cinco xefaturas de sección nos servizos centrais.

Propóñense as amortizacións imprescindibles para financiar as creacións e modificacións propostas, tendo en conta a necesidade de adaptar a relación de postos de traballo aos créditos vixentes no orzamento da Consellería de Política Social.

En consecuencia, a modificación da relación de postos de traballo propón modificacións, amortizacións e creacións de prazas co obxectivo xeral de organizar, racionalizar e ordenar o persoal desta consellería.

1.- Modificacións

1.1. Propónse modificar 18 postos de diversas categorías de persoal laboral que prestan servizos en centros de atención directa, para que pasen a prestar servizos a xornada completa, o que redundará nunha mellora tanto das condicións laborais dos empregados públicos, como do servizo prestado aos usuarios dos centros da Consellería de Política Social.

Os postos que se propoñen pasa a xornada completa son os que se indican a continuación:

Centro	Código RPT	Descrición posto A MEDIA XORNADA
RM Torrente Ballester	PS.C99.40.801.15001.018	Fisioterapeuta (gr. II, categ. 11)
RM Ferrol	PS.C99.40.801.15350.024	Terapeuta Ocupacional (gr. II, categ. 20)
RAM Oleiros	PS.C99.40.801.15570.200	Auxiliar de Enfermería (gr. IV, categ. 3)
RAM Oleiros	PS.C99.40.801.15570.201	Auxiliar de Enfermería (gr. IV, categ. 3)
RAM Oleiros	PS.C99.40.801.15570.202	Auxiliar de Enfermería (gr. IV, categ. 3)
RAM Oleiros	PS.C99.40.801.15570.203	Auxiliar de Enfermería (gr. IV, categ. 3)
RAM Oleiros	PS.C99.40.801.15570.204	Auxiliar de Enfermería (gr. IV, categ. 3)
RAM Oleiros	PS.C99.40.801.15570.205	Auxiliar de Enfermería (gr. IV, categ. 3)
RAM Oleiros	PS.C99.40.801.15570.206	Auxiliar de Enfermería (gr. IV, categ. 3)
RAM Oleiros	PS.C99.40.801.15570.207	Auxiliar de Enfermería (gr. IV, categ. 3)
RM Burela	PS.C99.40.801.27085.011	Fisioterapeuta (gr. II, categ. 11)
RM Burela	PS.C99.40.801.27085.013	Terapeuta Ocupacional (gr. II, categ. 20)
RM Pontevedra	PS.C99.40.801.36001.016	Fisioterapeuta (gr. II, categ. 11)
RM Pontevedra	PS.C99.40.801.36001.018	Terapeuta Ocupacional (gr. II, categ. 20)
RAM Volta do Castro	PS.C99.40.802.15770.033	Fisioterapeuta (gr. II, categ. 11)
CAPD Coruña	PS.C99.40.501.15001.390	Fisioterapeuta (gr. II, categ. 11) – 21 H.
CAPD Coruña	PS.C99.40.501.15001.391	Fisioterapeuta (gr. II, categ. 11) – 21 H.
<i>Axencia Galega de Servizos Sociais</i>		
E.I. Vite	TR.C99.40.402.15770.021	Técnico/a Especialista en Xardín de Infancia (gr. III, categ. 50)

1.2. Na Secretaría Xeral Técnica, propónse a modificación da **xefatura de sección xurídica con código PS.C02.00.003.15770.043**, pertencente a subdirección de persoal. Propónse eliminar o requisito de titulación académica (2062- licenciatura ou grao en Dereito), para facilitar a súa cobertura, toda vez que a praza leva desocupada desde o 23/11/2016 sen que fose posible a súa cobertura en comisión de servizos por falta de solicitudes.

1.3. No gabinete da persoa titular da consellería, propónse a apertura do posto de **axudante/a secretario/a (PS.C01.00.000.15770.002)** ó persoal doutras administracións (**A12**), para facilitar a súa cobertura.

2. CREACIÓNS.

2.1.- Na Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica propónse a creación de **xefatura de sección de tramitación administrativa (A1, A2, C1, nivel 25)**.

A unidade que na actualidade ten maiores problemas para desenvolver as súas funcións e o Servizo de Protección de Menores, xa que ademais dos asuntos ordinarios que debe asumir, de acordo coa súa estrutura orgánica, tamén tramitará unha serie de procedementos de contratación que incrementan notablemente a carga de traballo do servizo ao que se deberá engadir que, neste ano, deberase acometer a modificación de diversa normativa en materia de infancia.

Este posto tería encomendada funcións relacionadas coa tramitación dos convenios de colaboración, a tramitación dos contratos administrativos xunto coa xefatura de sección de programación e os traballos relacionados coa modificación da normativa vixente en materia de infancia así como a actualización dos protocolos e instrucións en materia de acollemento residencial, familiar e estancia temporal de menores estranxeiros e a aprobación do instrumento para a valoración da gravidade das situacións de risco e desprotección infantil.

.2.- Na Dirección Xeral de Inclusión Social propónse a creación de dúas xefaturas de sección **(.A1, A2, C1, nivel 25)**.

1 xefatura de sección de xestión económica, dependente directamente da S.X. de Servizos Sociais e Xestión Económica.

Na actualidade as labores de xestión económica están a ser realizadas polo subdirector, en ausencia dun servizo que se ocupe da coordinación administrativa e económica da dirección xeral. A xefatura de sección encargárase de realizar as labores de xestión económica e contratación administrativa da dirección xeral, baixo a supervisión directa do subdirector xeral, así como labores de apoio na elaboración dos orzamentos da dirección xeral e na xestión e control dos fondos finalistas e europeos asignados á mesma.

-1 xefatura de sección, dependente do Servizo de Atención ás Persoas Inmigrantes.

Esta unidade está composta na actualidade unicamente pola xefa de servizo. A xefatura de sección adscrita ao servizo se ocupará da xestión e control das convocatorias de axudas a entidades de iniciativa social e a entidades locais para o desenvolvemento de programas de apoio ás persoas inmigrantes, así como da elaboración dos informes de esforzo de integración que solicitan as persoas estranxeiras que están en proceso de renovación dos seus permisos de traballo, e de labores de apoio á xefa do servizo na coordinación que mantén coas entidades xestoras do programa de atención a refuxiados e cos puntos de información doutras administracións e entidades en todas aquelas cuestións que afecten as persoas inmigrantes na nosa comunidade.

2.3.- Na Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade propónse a creación de dúas xefaturas de sección (.(A1, A2, C1, nivel 25)**):**

- Unha **xefatura de sección** na Subdirección Xeral de Dependencia e Valoración da Discapacidade, toda vez que esta subdirección coordina a xestión de máis de 80.000 expedientes de dependencia e aproximadamente 250.000 expedientes de discapacidade. As medidas que se están levando a cabo, incrementando o número de persoas atendidas, o incremento de varias prestacións, a coordinación dos equipos territoriais de valoración tanto de dependencia como de discapacidade fan necesario reforzar a dotación de persoal adscrito á dita subdirección xeral.
- Unha **xefatura de sección** na Subdirección Xeral de Promoción da Autonomía Persoal e Prevención da Dependencia, toda vez que desde o ano 2016 a Consellería de Política Social asumiu a xestión das subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social, con cargo á asignación tributaria do 0,7% do imposto sobre a renda das persoas físicas xestionado por esta consellería. Tendo en conta a carga de traballo que conleva a xestión desta subvención, resulta necesaria a creación da praza proposta.

2.4. No Centro de Menores San José de Calasanz, propónse a creación de cinco prazas de educador/a (grupo II, categ. 006)..

O aumento do número de usuarios provocou desde fai un tempo a necesidade de facer cinco contratacións de educadores en acumulación de tarefas, polo que consideramos necesario a creación destas prazas por entender que a necesidade destas prazas é estrutural para o centro.

2.5. Na Residencia Asistida de Maiores de Oleiros, propónse a creación dunha praza de titulado/ superior psicólogo/a (grupo I, categ. 006).

A creación dunha praza de psicólogo permite atender de forma máis eficaz o incremento da carga de traballo que supón o gran volume de ingresos de usuarios con enfermidades mentais nun centro cunha elevada carga de traballo.

2.6. No Centro Sociocomunitario de Vilalba, propónse a creación dunha praza de ordenanza (grupo V, categ. 003). O centro socio comunitario de Vilalba, conta con innumerables actividades e servizos de luns a venres polo que se precisa dunha figura presencial da Administración dentro das instalacións. Propónse a creación da praza. con xornada de tarde, de luns a venres, para axeitalo os horarios de maior afluencia de usuarios no Centro (Podoloxía, Cursos, Actividades, Fisioterapia, etc... ..)

2.7. Na **Xefatura Territorial de Lugo**, propónse a creación dunha praza **posto base subgrupo A1 (A1, nivel 20, 2062 Lic./Grao Dereito)**. Ata o 26 de xullo de 2018 as funcións inherentes ao posto que se propón crear realizábase o titular do posto PSC991000027001401, titulado superior (grupo I, categoría 4), que causou baixa por xubilación. O dito empregado público contaba coa titulación de licenciado en dereito, unha vez producida a súa xubilación procedeuse a contratación en acumulación de tarefas dun posto base subgrupo a1 licenciado en dereito. Tendo en conta que se trata dunha necesidade permanente, propónse a creación da dita praza.

2.8. No **CAPD de Sarria** propónse a creación dunha praza de **ATS/DUE, (grupo II, categ. 2)**. Este Centro atende a 120 residentes cunha discapacidade psíquica de moderada a profunda e na maior parte dos casos están asociados con outros tipos de discapacidade física, polo que necesitan da axuda doutra persoa para as actividades da vida diaria as 24 horas os 365 días do ano.

Os residentes precisan unha atención diaria de distintos profesionais para ofrecerlles unhas coidados adecuados e un tratamento encamiñado a lograr ata onde sexa posible a súa rehabilitación e integración social.

Dentro destes traballadores, están os profesionais de enfermaría, que prestan os seus servizos as 24 horas en quendas de mañá, tarde e noite durante todo o ano, pilar fundamental dentro da prevención, tratamento e seguimento da saúde dos residentes.

A creación dunha praza de ATS no CAPD de Sarria permite o colectivo de ATS poida desenvolver as súas funcións de forma máis eficaz e levar a cabo unha boa programación e proporcionarlle unha mellor calidade asistencial aos residentes

2.9 Na **Residencia de Maiores de Burela**, propónse a creación dunha praza de **oficial 2º cociña (grupo IV, categ. 005)**. Coa creación da praza indicada poderase facer un adecuado equilibrio entre fins de semana e festivos traballados polos efectivos do departamento de cociña da residencia de maiores de Burela así como un equilibrio no número de horas anuais traballadas con respecto ao resto de traballadores do centro.

A creación da praza permitirá unha mellor distribución de presencias en cada unha das quendas de funcionamento do centro o que repercutirá nunha mellor prestación de servizos do centro.

2.10. Na **Residencia de Maiores Nosa Señora dos Miragres**, propónse a creación de **tres prazas de auxiliar de enfermería (grupo IV, categ. 003)**. Debido ao número de usuarios, especificamente dependentes, resulta imprescindible a creación destes efectivos para poder dar un servizo de calidade.

2.11 .No Complexo Residencial de Atención a Persoas Dependentes de Vigo, propónse a creación dunha praza de **encargado/a de almacén (grupo III, categ. 005)**. O efectivo que prestaba este servizo no centro ten unha calificación de non apto, por parte da empresa que fai os informes de prevención de riscos Qualtis, para facer a súa labor de encargada de almacén polo que nos vemos obrigados a crear esta praza co fin de poder prestar este servizo, imprescindible para o funcionamento do centro.

2.12. Na Escola Infantil Virxe de Covadonga, propónse a creación dunha praza de **técnico especialista en xardín de infancia (grupo III, categ. 50)**. Créase esta praza en primeiro lugar porque é necesaria para o correcto funcionamento deste centro e en segundo lugar para evitar seguir coa contratación dunha acumulación de tarefas que se viña realizando desde fai uns anos.

3.- AMORTIZACIÓNS

3.1. Na Secretaría Xeral Técnica propóñense as seguintes amortizacións:

- Subalterno (PS.C02.00.000.15770.081), vacante desde o 17/08/2017. Entendemos que podemos amortizar esta praza pois o número de subalternos/as que presta servizo na consellería é suficiente para asumir a carga de traballo existente.
- Posto base subgrupo C1 (PS.C02.00.000.15770.030), vacante desde o 18/01/2018. Debido ás dificultades actualmente existentes para cubrir os postos base, entendemos que é máis adecuada a súa amortización co fin de poder crear outras prazas máis adecuadas.

3.2. Na Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade propóñense as seguintes amortizacións:

- Posto base subgrupo a1 (PS.C05.00.000.15770.014), vacante desde o 02/05/2019.
- Posto base subgrupo c2 (PS.C05.00.000.15770.052) vacante desde o 03/10/2016.
- Posto base subgrupo c2 (PS.C05.00.000.15770.057) vacante desde o 01/11/2016.
- Posto base subgrupo c2 (PS.C05.00.000.15770.060) vacante desde o 03/10/2016

Debido ás dificultades actualmente existentes para cubrir os postos base, entendemos que é máis adecuada a súa amortización co fin de poder crear outras prazas máis adecuadas.

- Subalterno (PS.C05.00.000.15770.064) vacante desde o 18/07/2017.

Entendemos que podemos amortizar esta praza pois o número de subalternos/as que presta servizo na consellería é suficiente para asumir a carga de traballo existente.

3.3. Na Dirección Xeral de Inclusión Social propóñense as seguintes amortizacións:

- Posto base subgrupo c2 (PS.C04.00.000.15770.030) vacante desde o 30/09/2016.
- Xefatura de negociado administrativo (PS.C04.00.001.15770.040) vacante desde o 04/12/2017.

Nesta unidade é necesario amortizar estas prazas co fin de poder asumir o coste das creacións propostas, por entender que estas últimas son máis adecuadas para asumir a carga de traballo existente.

3.4. Na Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado propóñense as seguintes amortizacións:

- Posto base subgrupo c1 (PS.C06.00.000.15770.025), vacante desde 03/08/2016.
- Animador/a sociocultural (grupo III, categ. 90) (PS.C06.00.000.15770.063), vacante desde o 13/03/2017.
- Posto base subgrupo c2 (PS.C06.00.000.15770.034) vacante desde o 17/10/2018
- Subalterno (PS.C06.00.000.15770.050) vacante desde o 11/08/2016

Debido á carga de traballo existente nesta unidade entendemos que se poden amortizar estas prazas, pois o resto dos efectivos poden asumir a citada carga de traballo sin maiores complicacións. En consecuencia, consideramos oportuna a súa amortización co fin de poder financiar as prazas que nos propoñemos crear.

3.5. Na Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica propoñense as seguintes amortizacións:

- Posto base subgrupo c2 (PS.C03.00.000.15770.032) vacante desde o 22/01/2019.
- Posto base subgrupo c2 (PS.C03.00.000.15770.036) vacante desde o 25/01/2019.

Debido ás dificultades actualmente existentes para cubrir os postos base, entendemos que é máis adecuada a súa amortización co fin de poder crear outras prazas máis adecuadas.

3.6. Na Xefatura Territorial da Coruña propoñense as seguintes amortizacións:

- Posto base subgrupo a2 (PS.C99.10.000.15001.043), vacante desde o 28/03/2016.
- Posto base subgrupo c2 (PS.C99.10.000.15001.095) vacante desde o 07/09/2015.
- Subalterno (PS.C99.10.000.15001.142) vacante desde o 18/07/2017.
- Subalterno (PS.C99.10.000.15001.144) vacante desde o 19/07/2017.
- Subalterno (PS.C99.10.000.15001.146) vacante desde o 03/12/2018.

Debido ás dificultades actualmente existentes para cubrir os postos base, entendemos que é máis adecuada a súa amortización co fin de poder crear outras prazas máis adecuadas.

Ademais entendemos que podemos amortizar as prazas de subalterno, pois o número de subalternos/as que presta servizo na consellería é suficiente para asumir a carga de traballo existente.

3.7. No Centro de Atención a Persoas con Discapacidade (A Coruña), propónse a amortización do posto con código PS.C99.40.501.15001.420, especialista de oficios (grupo III, categ. 006), vacante desde o 30/06/2016.

Entendemos que esta praza é prescindible neste centro, polo tanto a súa amortización contribúe a obter a dotación económica necesaria para financiar as creacións propostas.

3.8. Na Casa da Xuventude de Betanzos, propónse a amortización do posto con código PS.C99.40.201.15090.005, limpador/a (grupo V, categ. 11), media xornada, vacante desde o 26/12/2016.

Esta é unha praza prescindible neste centro. Ademais a limpeza neste centro estase levando a cabo por unha empresa externa, polo que consideramos oportuna esta amortización con fin de poder obter a dotación económica necesaria para financiar as creacións propostas.

3.9. Na Casa da Xuventude de Carballo propóñense as seguintes amortizacións:

- PS.C99.40.201.15190.004 - Profesor/a (grupo II, categ.005), vacante desde o 03/03/2018.
- PS.C99.40.201.15190.008- Xefe/a de Administración (A2,C1,C2, nivel 18), vacante desde o 03/10/2016.

As prazas de profesores son prazas, en principio, non adecuadas dentro do ámbito de competencias desta consellería, por eso está proposta a súa extinción desde fai bastante tempo na rpt desta consellería.

A praza de Xefe/a de Administración non é adecuada para este tipo de centros, polo que consideramos oportuna a súa amortización.

3.10. Na Residencia de Maiores de A Probra do Caramiñal, propónse a amortización dun posto base subgrupo c2 (PS.C99.40.801.15660.011), vacante desde o 01/04/2014. Consideramos oportuna a súa amortización con fin de poder obter a dotación económica necesaria para financiar as creacións propostas.

3.11. Na Escola Infantil de Vite propónse a amortización do posto con código TR.C99.40.402.15770.020, técnico/a especialista en xardín de infancia (grupo III, categ. 004), vacante desde o 11/04/2015. E desta forma converter a outra media xornada, actualmente ocupada, nunha praza de xornada completa.

3.12. Na Xefatura Territorial de Lugo propóñense as seguintes amortizacións:

- Subalterno (PS.C99.10.000.27001.102) vacante desde o 18/07/2017.
- Titulado Superior (grupo I, categ. 004), (PS.C99.10.000.27001.401) vacante desde o 28/06/2018.

Consideramos oportunas estas amortizacións con fin de poder obter a dotación económica necesaria para financiar as creacións propostas. Ademais o número de subalternos/as que presta servizo na xefatura é suficiente para asumir a carga de traballo existente.

Amortízase a praza de titulado superior e no seu lugar propónse a creación dunha praza **posto base sugrupo A1 (A1, nivel 20, 2062 Lic./Grao Dereito)**. Moito máis adecuada para a actividade que se pretende que leve a cabo.

3.13. Na Residencia de Maiores de Monforte de Lemos, propónse a amortización do posto con código PS.C99.40.802.27300.043, ordenanza (grupo V, categ. 003). Vacante desde 20/12/2017.

A dotación de ordenanzas restante é adecuada e suficiente para a dimensión deste centro.

3.14. No Centro Sociocomunitario de Vilalba, propóñense as seguintes amortizacións:

- PS.C99.40.701.27640.010, péon (grupo V, categ. 012), vacante desde 18/07/2018. A intención é amortizar esta praza a crear unha praza de ordenanza, tal como se reflexa no apartado de creación, pois entendemos que ésta é unha categoría moito máis adecuada pola tipoloxía do centro.
- PS.C99.40.701.27640.011, Limpador/a (grupo V, categoría 11). O posto está ocupado actualmente por unha traballadora en situación de xubilación parcial desde o 16/07/2018 ata o 20/07/2019.

3.15. Na Casa do Mar de Celeiro propónse a amortización do posto de subalerno (PS.C99.30.201.27650.003), vacante desde o 03/10/2017.

A dotación de subalernos e ordenanzas restante é suficiente neste centro, polo que consideramos oportuna a súa amortización

3.16. Na Xefatura Territorial de Ourense propóñense as seguintes amortizacións:

- Posto base subgrupo a1 (PS.C99.10.000.32001.010), vacante desde o 11/09/2013.
- Subalerno (PS.C99.10.000.32001.093) vacante desde o 31/08/2017.

Consideramos oportunas estas amortizacións con fin de poder obter a dotación económica necesaria para financiar as creacións propostas. Ademais o número de subalernos/as que presta servizo na xefatura é suficiente para asumir a carga de traballo existente. Ademais debido ás dificultades actualmente existentes para cubrir os postos base, entendemos que é máis adecuada a súa amortización co fin de poder crear outras prazas máis adecuadas.

3.17. No Centro Sociocomunitario de O Barco, propónse a amortización do posto con código PS.C99.40.701.32090.007, ordenanza (grupo V, categ. 003), vacante desde 19/06/2014.

3.18 No Centro Sociocomunitario de Lalín, propónse a amortización dun posto base subgrupo c2 (PS.C99.40.701.36240.007) vacante desde o 11/11/2016.

Consideramos oportunas estas amortizacións con fin de poder obter a dotación económica necesaria para financiar as creacións propostas.

3.19. No Complexo Residencial de Atención a Persoas Dependentes de Vigo, propónse a amortización do posto con código PS.C99.40.800.36560.106, animador/a sociocultural (grupo III, categ. 90).

Esta praza nunca foi ocupada desde a súa creación e a actividade de animación é realizada por outros profesionais do centro.

3.20. Na Escola Infantil de Coia propóñense as seguintes amortizacións:

- TR.C99.40.403.36560.036- camareiro/a limpador/a (grupo V, categ. 001), vacante desde o 11/10/2014
- TR.C99.40.403.36560.038 - camareiro/a limpador/a (grupo V, categ. 001), vacante desde o 20/04/2016.

A dotación de camareiras restante a mais que suficiente para un centro destas características

Asinado electrónicamente en Santiago de Compostela